Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA.-

EXPEDIENTE: 2026/A002/000011

ASUNTO: Aprobación das bases reguladoras do V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "A LARACHA NO OBXECTIVO" e Convocatoria

ANTECEDENTES:

Vista a providencia de inicio de data 03.11.2026 na que dispón incoar expediente para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria pública e que se emita a memoria xustificativa da necesidade, oportunidade e impacto económica desta actuación e se fiscalice pola Intervención Municipal.

Vistas as bases reguladoras do Concurso propostas por esta Alcaldía.

Vista a memoria xustificativa da técnica de cultura e turismo de data 03.11.2026co fin de motivar a conveniencia, necesidade e idoneidade da aprobación das Bases reguladoras da V edición do Concurso de fotografía A Laracha no obxectivo e comproba o súa inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención con data 03.11.2026.

E de conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras do IV Concurso de Fotografía "A Laracha no obxectivo" co seguinte contido:

BASES REGULADORAS DO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "A LARACHA NO OBXECTIVO"

Modalidade Xeral

1. PARTICIPANTES MODALIDADE XERAL
O concurso é gratuíto e poderán acceder as persoas físicas maiores de idade que o soliciten segundo o modelo incluído no Anexo 1. Así como, as persoas físicas menores de idade, que ademais deberán estar debidamente autorizadas, segundo o modelo incluído no Anexo 2.
As fotografías presentadas serán cedidas ao Concello da Laracha para seren utilizadas en carteis, calendarios, exposicións, folletos, publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.
Toda e todo participante, polo feito de selo, manifesta coñecer e aceptar as bases de participación, ademais serán as únicas e exclusivas responsables da autoría, orixinalidade e contidos das súas fotografías, debendo, se fose necesario, contar cos permisos das persoas retratadas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

1. TEMÁTICA

A fotografía deberá mostrar o patrimonio natural ou o patrimonio cultural -material e inmaterial- do concello da Laracha.

É obrigatorio que o lugar ou entorno sexa do concello da Laracha, e como tal sexa recoñecible.

Non se admitirán aquelas fotografías que non cumpran estes requisitos.

3. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS IMAXES

Cada concursante poderá participar tanto na modalidade xeral como na de Redes Sociais.

So poderá resultar premiada unha fotografía por autor na mesma categoría.

Non se poderá presentar a mesma fotografía para as dúas categorías, é dicir as fotografías presentadas na categoría xeral non se poderán presentar na categoría das redes sociais e viceversa.

Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías inéditas que non poden estar xa seleccionadas ou premiadas en ningún outro certame ou concurso.

As fotografías poderán ser en cor ou branco e negro, e coas seguintes características:

- O soporte será obrigatoriamente dixital. As fotografías deberán ter unha resolución mínima de 3000 x 2000 píxeles, e os formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.
- Cada fotografía debe levar un título como nome de arquivo.
- No caso de fotografías retocadas, é preciso xuntar os ficheiros orixinais coa seguinte denominación: título, seguido de guión baixo, seguido da palabra “orixinal” (isto é: título da foto orixinal). Só se admitirán axustes básicos (cor, temperatura, enfoque, brillo e contraste). Quedarán excluídas as fotografías con importantes retoques ou alteracións, tanto manuais ou dixitais.
- Non se aceptarán imaxes xeradas por Intelixencia Artificial, quedando expresamente prohibido o seu uso para engadir ou eliminar elementos, substituír fondos, reconstruír partes da fotografía ou calquera outra modificación que non sexan os axustes básicos expresados no parágrafo anterior.

4. FORMA DE PRESENTACIÓN

As fotografías poderán presentarse de dous xeitos:

a. De forma presencial:

- Presentaranse na Casa da Cultura do Concello da Laracha: Rúa Manuel Murguía, s/n, 15145 A Laracha, A Coruña.
- Nun sobre escribirase de forma visible: V Concurso de fotografía “A Laracha no obxectivo”.
- No interior deste sobre incluirase un CD ou lapis de memoria que conteña exclusivamente as fotografías presentadas, co seu título, como nome do arquivo
- Incluirase un documento cos seguintes datos:

I. O documento correspondente ao Anexo 1, no caso de maiores de idade, ou o Anexo 2, no caso de menores de idade.

II. Un documento de libre configuración no que se inclúa o título de cada unha das fotografías, cunha breve explicación do lugar e data na que foi realizada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

III. O documento correspondente ao Anexo 4, Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello da Laracha) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

b. De forma telemática:

- Achegaranse as fotografías a través de algún servicio de transferencia de arquivos (WeTransfer, Dropbox ou similares), á dirección de correo electrónico para o envío das fotografías será turismo@alaracha.gal.
- As fotografías deben aparecer anexadas, co seu título, como nome do arquivo.

Incluirase un documento cos seguintes datos:

I. O documento correspondente ao Anexo 1, no caso de maiores de idade, ou o Anexo 2, no caso de menores de idade.

II. Un documento de libre configuración no que se inclúa o título de cada unha das fotografías, cunha breve explicación do lugar e data na que foi realizada.

III. O documento correspondente ao Anexo 4, no que se declara non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non son debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención**.**

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

En caso de optar pola forma presencial, o lugar de presentación será a Casa da Cultura do Concello da Laracha (rúa Manuel Murguía, 15145, A Laracha, A Coruña); no prazo de 25 días naturais a contar dende a publicación destas bases na web municipal https://www.alaracha.gal/.
Entregarase xustificante de presentación da solicitude de participación.
No caso de optar pola forma telemática, no servicio de transferencia de arquivos empregarase o correo: turismo@alaracha.gal, para enviar o enlace que derive ós materias. É preciso que tamén vaian anexados os documentos citados no apartado 5.
O envío do materias deberá realizarse no prazo de 25 días naturais a contar dende a publicación destas bases na web municipal https://www.alaracha.gal/.
Na páxina web publicarase o prazo de inicio e fin de presentación de solicitude.
Ao remate do prazo de presentación establecido, publicarase na web do Concello unha lista cos títulos de cada obra presentada.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

O xurado poderá outorgar un máximo de 30 puntos a cada unha das fotografías, de acordo cos seguintes criterios:
- Polo impacto visual: ata 10 puntos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Sensación que se percibe ao observar a imaxe por primeira vez, atraendo a atención sobre as demais ou evocando algún tipo de sentimento.

- Pola calidade técnica-artística: ata 10 puntos.
Foco, nitidez, balance de cores, iluminación, composición, exposición e presentación.

- Pola creatividade: ata 10 puntos.
Orixinalidade en canto ao tema, destacando en canto ao modo de presentar o patrimonio fotografado, recordando sempre que debe ser recoñecible o patrimonio, tanto natural como histórico-artístico da Laracha. Terase especialmente en conta que o lugar representado sexa recoñecible.

7. COMPOSICIÓN DO XURADO
O xurado estará formado por:
- Dous profesionais da fotografía, de empresas e medios de comunicación ou do sector turístico relacionados co entorno da Laracha.
- Un representante do Concello.
A composición exacta do xurado darase a coñecer con suficiente antelación ao fallo do concurso a través da web municipal.

89. FUNCIONAMENTO DO CONCURSO
Finalizado o prazo de presentación e desde o departamento de Turismo do Concello, descargaranse todas as fotografías presentadas e comprobarase que os participantes achegaran toda a información requirida no punto 5 (Forma de presentación), aceptándose só aquelas fotografías dos participantes que cumpran este deber.
O xurado, en día e hora que se anunciará igualmente na web municipal, visualizará as imaxes aceptadas, descartando aquelas que incumpran o requisito sinalado no punto 3 (Temática), sobre a obrigatoriedade de que o lugar, entorno ou ben sexa do concello da Laracha e como tal sexa recoñecible. Sobre as fotografías restantes realizarase a selección.

9. PREMIOS
Establécense os seguintes premios, que poderán ser declarados desertos e estarán suxeitos ao disposto na lexislación fiscal vixente no momento da concesión:

- 1.º premio: 600 €
- 2.º premio: 400 €
- 3.º premio: 250 €

Os premios superiores a 300€ están suxeitos ás retencións legais que lle sexan aplicables.
Os premios serán entregados simbolicamente nun acto público en data e lugar que se dará a coñecer con suficiente antelación, sen prexuízo de que nos días seguintes ao acto se realice o efectivo ingreso do premio na conta bancaria do beneficiario, ou na conta do pai, nai ou representante legal, no caso de que se trate de un menor.

Modalidade Redes Sociais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

10. PARTICIPANTES MODALIDADE REDES SOCIAIS E RESERVA DE DEREITOS

O concurso é gratuíto e poderán acceder as persoas físicas maiores ou menores de idade segundo o formulario online, no que se autorizará ao Concello da Laracha a compartir a imaxe nas redes sociais municipais.

A fotografía presentada será cedida ao Concello da Laracha para ser utilizada en carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.

Toda e todo participante, polo feito de selo, manifesta coñecer e aceptar as bases de participación, ademais serán as únicas e exclusivas responsables da autoría, orixinalidade e contidos da súa fotografía, debendo, se fose necesario, contar cos permisos das persoas retratadas.

O Concello da Laracha resérvase o dereito a descualificar a calquera participante se existe calquera sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra acción que o Concello da Laracha estime oportuna. Asemade poderá realizar as comprobacións necesarias co fin de evitar duplicidade de participacións así como para eliminar aos participantes que non cumpran cos requisitos mencionados ou que participen de forma fraudulenta como, por exemplo, mediante o uso de bots ou sistemas automáticos de votos.

O Concello da Laracha resérvase o dereito de modificación e borrado de calquera contido duplicado, erróneo, que se considere fora de contexto ou calquera outro criterio que o Concello da Laracha crea convinte.

O Concello da Laracha resérvase o dereito de suspender ou eliminar aquelas achegas ou comentarios que incumpran estas condicións.

A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos seus apartados levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada.

11. TEMÁTICA

A fotografía deberá mostrar o patrimonio natural ou o patrimonio cultural -material e inmaterial- do concello da Laracha. É obrigatorio que o lugar, entorno ou ben sexa do concello da Laracha, e como tal sexa recoñecible. Non se admitirán aquelas fotografías que non cumpran este requisito.

12. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS IMAXES

Cada concursante poderá participar tanto na modalidade xeral como na de Redes Sociais.

So poderá resultar premiada unha fotografía por autor na mesma categoría.

Non se poderá presentar a mesma fotografía para as dúas categorías, é dicir as fotografías presentadas na categoría xeral non se poderán presentar na categoría das redes sociais e viceversa.

Cada concursante poderá presentar un máximo de 1 fotografía inédita que non pode estar xa seleccionada ou premiada en ningún outro certame ou concurso.

A fotografía poderá ser en cor ou branco e negro, e coas seguintes características:

- O soporte será obrigatoriamente dixital. As fotografías deberán ser de alta resolución, e os formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.
- A fotografía debe levar un título como nome de arquivo.
- No caso de fotografías retocadas, é preciso xuntar os ficheiros orixinais coa seguinte denominación: título, seguido de guión baixo, seguido da palabra “orixinal” (título da foto_orixinal). Só se admitirán

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

axustes básicos (cor, temperatura, enfoque, brillo e contraste). Quedarán excluídas as fotografías con importantes retoques ou alteracións, tanto manuais ou dixitais.
- Non se aceptarán imaxes xeradas por Intelixencia Artificial, quedando expresamente prohibido o seu uso para engadir ou eliminar elementos, substituír fondos, reconstruír partes da fotografía ou calquera outra modificación que non sexan os axustes básicos expresados no parágrafo anterior.
- No formulario de inscrición debe indicarse o lugar no que foi tomada a fotografía.

13. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN
Os formularios de inscrición (Anexo 3 e Anexo 4) estarán dispoñibles na páxina web do Concello (https://www.alaracha.gal/) durante o prazo de 25 días a contar dende a publicación das bases na páxina web. O formulario de inscrición indicado anteriormente, conta cun apartado no que o concursante pode xuntar a fotografía que se presente ao concurso, e no seu caso a fotografía sen retocar.
Na páxina web publicarase o prazo de inicio e fin de presentación de solicitude.
Ao remate do prazo de presentación establecido, publicarase na web do Concello unha lista cos títulos de cada obra presentada.

14. VALORACIÓN
Un día hábil despois do fin do prazo de presentación o Concello publicará no Facebook de Turismo da Laracha (https://es-es.facebook.com/TurismoALaracha/) as fotografías participantes nesta modalidade do concurso.
A partir do momento da publicación, as usuarias e usuarios das redes sociais poderán valorar as fotografías, teranse en conta as reaccións positivas (“gústame”, “encántame”...) nas fotografías publicadas. O prazo de valoración abarcará dende o momento da publicación ata 10 días naturais despois.

15. PREMIOS
Establécese un único premio de 250€ para a fotografía que reciba máis reaccións positivas (gústame, encántame...) carecendo de validez calquera outro tipo de reacción. En caso de empate, o premio repartirase entre os gañadores.
Os premios serán entregados simbolicamente nun acto público en data e lugar que se dará a coñecer con suficiente antelación, sen prexuízo de que nos días seguintes ao acto se realice o efectivo ingreso do premio na conta bancaria do beneficiario, ou na conta do pai, nai ou representante legal, no caso de que se trate de un menor.

Información relativa a ambas modalidades

16. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLOS PREMIADOS
Cada concursante que resulte premiado deberá achegar a seguinte documentación:
- Copia do DNI.
- Certificación da conta bancaria, na que se ingresará o premio.

17. INTERPRETACIÓN
O Concello da Laracha resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

estas bases.

18. PUBLICACIÓN
As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Laracha, e se difundirán a través das redes sociais do propio concello e medios de comunicación.

19. INFORMACIÓN ADICIONAL
Para que cada modalidade do concurso saia adiante debe haber un mínimo de 5 concursantes en dita modalidade.
Establécense os seguintes medios para a obtención de calquera información adicional:
- Correo electrónico: turismo@alaracha.gal
- Teléfono 981 60 50 01

En A Laracha, de Outubro de 2026
O Alcalde, José Manuel López Varela

ANEXO 1.- MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPANTES MAIORES DE IDADE NO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A LARACHA NO OBXECTIVO”. MODALIDADE XERAL.

N
A
F

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANUNCIO DE NOTIFICACIÓN

Cumprindo o establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, e non sendo posible a notificación persoal, publícase o presente anuncio para que os interesados ou as súas representantes poidan comparecer no prazo de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, no Concello da Laracha, para coñecer o contido íntegro do acto que se pretende notificar.

Transcorrido o prazo sinalado sen comparecer, entenderase rexeitada a notificación e seguirase o procedimento, sen prexuízo de que a interesada poida comparecer a calquera momento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

to

Título Foto 1 - Título Foto 2 - Título

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Foto 3 x 4

Declaro que comprendo e acepto as bases do V Concurso de fotografía “A Laracha no obxectivo” organizado polo Concello da Laracha, así como a autoría, orixinalidade e inexistencia de premios ou selección previas noutros concursos, das fotografías presentadas.
Cedo as mesmas ao Concello da Laracha para seren utilizadas en carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.
De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello da Laracha e poderán ser utilizados para atender a solicitude formulada neste formulario. Informámoslle, ademais, que poderá executar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo: Casa da Cultura, rúa Manuel Murguía, 15145, A Laracha, A Coruña.
Autorizo ao Concello da Laracha a que utilice os datos facilitados nesta inscrición para o exercicio das súas competencias administrativas e de organización de cara ao concurso de fotografía "A Laracha no obxectivo".

En A Laracha, a de do ano 2026

Firmado:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO 2.- MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPANTES MENORES DE IDADE NO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A LARACHA NO OBXECTIVO”. MODALIDADE XERAL.

NAI DOS NAN OMENTO E DE EDUCACIÓN Cole

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Título Foto 1. - Título

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Foto 2 - Título Foto 3 -

Datos do participantes menor de idade: .....
(Nome e apelidos da nai/pai/titora ou titor legal), con NIF ..... (NIF nai/pai/titora ou titor
legal), con teléfono de contacto..... e correo electrónico.....,
manifesto:

Que coñezo as bases do concurso, e autorizo expresamente a participación da/do menor no V Concurso de fotografía “A Laracha no obxectivo” organizado polo Concello da Laracha, así como o tratamento dos datos e imaxes do mesmo, sempre coa finalidade do desenvolvemento do presente concurso.

Declaro a autoría, orixinalidade e inexistencia de premios ou selección previas noutros concursos das fotografías presentadas pola/polo menor. Así, mesmo e en nome do meu fillo, filla, tutelado ou tutelada cedo as mesmas ao Concello da Laracha para seren utilizadas en carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular o Concello da Laracha e poderán ser utilizados para atender a solicitude formulada neste formulario. Informámoslle, ademais, que poderá executar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo: Casa da Cultura, rúa Manuel Murguía, 15145, A Laracha, A Coruña.

Autorizo ao Concello da Laracha a que utilice os datos facilitados nesta inscrición para o exercicio das

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

súas competencias administrativas e de organización de cara ao concurso de fotografía "A Laracha no obxectivo".

En A Laracha, a de do ano
Firmado:

ANEXO 3.- MODELO DE FORMULARIO DE INSCRICIÓN PARA PARTICIPANTES NO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “A LARACHA NO OBXECTIVO”. MODALIDADE REDES SOCIAIS.

O enlace a este formulario é o que segue: https://forms.gle/9Ngm8GBYtn3wB7wQ6

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: https://sede.alaracha.es

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

ANEXO 4.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO ORDE COAS OBRIGAS AEAT, SEGURIDADE SOCIAL E CONCELLO

Eu.....con DNI.....

Declaro responsablemente:

non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que estou ao corrente coas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello da Laracha) e fronte á Seguridade Social, e que non son debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención**.**

A Laracha a .....de 2026

Asdo:

“

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria do citado concurso correspondente ao ano 2026, conforme as seguintes determinacións:

- Contía global e financiamento: O importe total dos premios ascende á cantidade de 1.500,00 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 432.48909 do Orzamento Municipal vixente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/

2. Contía dos premios:

- Primeiro Premio: 600 €
- Segundo Premio: 400 €
- Terceiro Premio: 250 €
- Premio para a fotografía que reciba máis reaccións positivas: 250 €.

3. Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de participación presentaranse no prazo de 25 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

TERCEIRO. Remitir o texto íntegro das presentes Bases Reguladoras e da Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) para o seu rexistro e publicación no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, de conformidade co establecido nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e dispoñer a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, cursado a través da propia plataforma de la BDNS, para os efectos de que o prazo de presentación de solicitudes comece a computar ao día seguinte da devandita inserción oficial.

CUARTO. Publicar o texto íntegro da Resolución, Bases e formularios de solicitude na Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para xeral coñecemento e descarga polas persoas interesadas.

QUINTO. Aprobar o gasto por importe global de 1.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 432.48909.

A Laracha, na data da sinatura dixital

O alcalde	*O secretario (art. 3.2 RD 128/2018; e art.2.1 Decreto 24/2018)*
José Manuel López Varela	*Rafael José Del Barrio Berbel*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR José Manuel López Varela (FECHA: 04/11/2026 10:23:00) , Rafael José Del Barrio Berbel (FECHA: 04/11/2026 10:58:00)
Versión imprimible
CVD: tv6PPbqjipCqNwXdJA2K Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.alaracha.gal/